

Algunhas breves instrucións para recoller os nomes das plantas

Partimos do principio básico de máxima fidelidade á lingua dos informantes.

- a) O primeiro e máis importante é intentar recoller o máis fielmente posible o nome ou nomes recollidos, tal e como os pronuncian os informantes. Debemos evitar “corrixilos” de acordo cos nosos criterios particulares ou tentar adaptalos á forma estándar.
- b) Evidentemente, sería conveniente respectar ó máximo as convencións ortográficas e saber previamente se unha forma se escribe con <h> ou sen <h>, con <v> ou ... Pero estas grafías non alteran a pronuncia, de modo que este non é un asunto importante para nós: en caso de dúbida, sen <h> e todo con .

Outra cousa moi distinta son as variacións ortográficas que representan sons diferentes. Supoñamos que o informante di *bedoeiro* no canto de *bidueiro*: debemos rexistrar que o que el di é a forma *bedoeiro*. Se o falante di *sesta* en vez de *xesta*, o mellor é recollermos *sesta*. Se o informante di *murgo*, debemos recoller *murgo* e non *musgo*.

Hai algúns casos particulares que merecen un comentario propio.

1. Para representar a gheada ou os sons similares débese usar o dígrafo acostumado <gh>, non a grafía <j> do español: *sabugueiro* e *cangorza* sen gheada, *sabugheiro* e *canghorza* con gheada. A representación deste trazo é especialmente interesante nas palabras que teñen *-ng-*.
2. Se a forma recollida ten seseo (inicial ou final de sílaba), débese representar graficamente de forma que sexa evidente a pronuncia seseante: *herba da pezoña* sen seseo / *herba da pesoña* con seseo.
3. É desexable indicar o grao de abertura das vogais medias tónicas (os <e> e <o> abertos e pechados). Para iso, porpoñemos usar unha convención moi estendida: usar o acento grave (`) sobre as vogais medias abertas (*bèrro*) e usar o circunflexo (^) sobre as pechadas (*cebôla*). Se non se usa un destes signos entendemos que non se marca o timbre.

Debe terse en conta que, con posterioridade, os lingüistas imos facer un traballo de lematización, isto é: quen busque pola forma estándar *bidueiro* ten que poder encontrar todos os datos de todas as variantes presentes na base: *bidueiro*, *bedueiro*, *budueiro*, *abidueiro*, *bidoeiro*, *vidoeiro*... Pero quen busque unha variante concreta tamén ten que poder localizala e comprobar a súa extensión: por iso debemos consignala tal e como a proporcionou o informante. Todos, os nenos de primeiros, deben saber que a súa variante lingüística, coma todas, é importante.